

EXPERIMENTA




COA AUGA



MATERIAIS NECESARIOS

- UNHA TINA OU RECIPIENTE
CON AUGA
- PEZA DE CONSTRUCCIÓN
- MOEDA
- LAPIS
- XOGUETE DE GOMA
- TESOIRAS
- LEITE

- CAFÉ
- REFRESCO
- ACEITE
- ZUME
- PAPEL HIXIÉNICO OU
DE COCIÑA
- ESPONXA
- PANO DE TELA



EN CADA EXPERIMENTO TERÁS PRIMEIRO QUE FACER UNHA HIPÓTESE, QUE É PENSAR QUE CRES TI QUE VAI PASAR. NON HAI RESPOSTA CORRECTA OU INCORRECTA.











LOGO, TES QUE OBSERVAR PARA COMPROBAR



TOMA NOTA DOS RESULTADOS POÑENDO SI/NON NA COLUMNA QUE CORRESPONDE

FLOTACIÓN

EXPERIMENTO


<p>FLOTA? SI/NON</p>	 HIPÓTESE	 OBSERVACIÓN
 <p>PEZA DE CONSTRUCCIÓN</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>
<p>MOEDA</p> 	<p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>
 <p>LAPIS</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>
<p>XOGUETE DE GOMA</p>  	<p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>
 <p>TESOIRAS</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>

QUE PASOU?



Cumpríronse as túas hipóteses?

Por que cres que os barcos flotan aínda que sexan moi grandes e pesados?



NESTE CASO NIN O PESO NIN O TAMAÑO IMPORTAN.

Si importa a forma o e material (de que está feito un obxecto).

A madeira, o plástico e as cousas que teñen moito aire dentro, flotan máis.





Os barcos flotan pola súa forma e porque teñen moito aire dentro. Pero se rompen e entra moita auga, afondan.



EXPERIMENTA
CON MÁIS
COUSAS

AMIGOS OU INIMIGOS DA AUGA

EXPERIMENTO

MESTÚRASE COA AUGA? SI/NON	 HIPÓTESE	 OBSERVACIÓN
 <p>LEITE</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>
<p>ACEITE</p> 	<p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>
 <p>CAFÉ LÍQUIDO</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>
<p>REFRESCO</p> 	<p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>
 <p>ZUME</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p>

QUE PASOU?




Cumpríronse as túas hipóteses?

Por que o aceite e a auga non se mesturan?








CANDO DOUS LÍQUIDOS TEÑEN DENSIDADES DIFERENTES NON SE MESTURAN, COMO NO CASO DO ACEITE E DA AUGA.

A auga e o aceite
NON son bos amigos
e nunca se mesturan




ABSORBE OU NON ABSORBE?

EXPERIMENTO

ABSORBE A AUGA? SI/NON	 HIPÓTESE	 OBSERVACIÓN
 PAPEL HIXIÉNICO OU DE COCIÑA	_____ _____	_____ _____
PEZA DE PLÁSTICO 	_____ _____	_____ _____
 ESPONXA	_____ _____	_____ _____
TRAPO DE TELA 	_____ _____	_____ _____
 MOEDA	_____ _____	_____ _____

QUE PASOU?



✓ Aperta os obxectos despois de sacalos da auga, que pasa?

Hai cousas que "chupan" a auga e outras que non. Depende do material do que estean feitos. Cando o material ten uns buratiños moi pequeniños por dentro, a auga métese por eles. Iso quere dicir que é absorbente.

Os chuvasqueiros e os paraugas están feitos dunha tela e impermeable (que non chupa a auga), por iso non nos mollamos cando os usamos.



EXPERIMENTA
CON MÁIS
COUSAS